

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1382	Citloxía xeral	2023/2024	5	157	157

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LETICIA BARCIA CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional consta de 10 Unidades didácticas que inclúen os contidos necesarios para acadar unha formación suficiente de cara ao desempeño profesional na función de selección e aproximación diagnóstica de mostras de citoloxía xeral, é dicir, de mostras de citoloxías de todos os órganos do corpo exceptuando órganos xenitais femininos e mama, tanto procedentes de líquidos e segregacións corporais coma as obtidas por punción aspiración con agulla fina (PAAF); éstas inclúen principalmente as citoloxías de aparello respiratorio, aparello dixestivo, aparello xenito-urinario (non xinecolóxico), glándula tiroide, ganglio linfático e cavidades serosas e sinoviais (derrames).

Esta función inclúe aspectos como:

- Identificación dos criterios de idoneidade da mostra para o seu estudo citotécnico.
- Realización do barrido e marcaxe de zonas de interese.
- Recoñecemento de patróns de normalidade existentes nas mostras citolóxicas xerais.
- Recoñecemento dos rasgos de citopatoloxía inflamatoria/reparativa, infecciosa, dexenerativa e preneoplásica existentes nas mostras citolóxicas xerais.
- Recoñecemento dos rasgos de citopatoloxía tumoral, benigna e maligna, existentes nas mostras citolóxicas xerais.
- Aproximación diagnóstica citopatolóxica.
- Valoración dos resultados e elaboración de informes.

As actividades profesionais asociadas a esta función relaciónanse coa competencia xeral do Título de Técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico, especialmente no referido a "Procesar mostras citolóxicas, seleccionar e facer a aproximación diagnóstica de citoloxías xerais, de maneira que sirvan como soporte ao diagnóstico clínico, organizando e programando o traballo, e cumprindo criterios de calidade do servizo e de óptimo aproveitamento dos recursos, baixo a supervisión facultativa correspondente".

Esta función levana a cabo os Técnicos superiores en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico no posto de Citotécnico, tanto nos Laboratorios de Anatomía Patolóxica integrados en hospitais ou en centros de investigación coma nos Laboratorios independentes, e tanto no eido público coma no privado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Lectura de mostras citolóxicas: Estudo sistemático		29	15
2	Criterios xerais de malignidade en citoloxía		12	5
3	Citoloxía e citopatoloxía do tubo dixestivo		20	20
4	Citoloxía e citopatoloxía das glándulas dixestivas anexas		24	15
5	Citoloxía e citopatoloxía de tiroide		14	5
6	Citoloxía normal do aparello xenitourinario		7	8
7	Citopatoloxía do aparello xenitourinario		13	10
8	Citoloxía e citopatoloxía de ganglio linfático		6	2
9	Citoloxía e citopatoloxía do aparello respiratorio		24	15
10	Citoloxía e citopatoloxía dos líquidos orgánicos		8	5

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Lectura de mostras citolóxicas: Estudo sistemático	29

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes do aparello respiratorio, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA2 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de ganglios linfáticos, bazo, timo, pel, tecidos brandos e óso, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA3 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de tiroide, paratiroide, próstata e testículo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA4 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de aparello dixestivo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA5 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de aparello urinario, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA6 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de líquidos orgánicos, sistema nervioso e globo ocular, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
OCA1.10 Realizouse o estudo sistemático dunha imaxe convintemente caracterizada dunha citoloxía de aparello respiratorio
0 CA1.10.1 Marcáronse os artefactos que puideran dificultar ou condicionar o diagnóstico, e verificouse a adecuación da mostra para o seu estudo
0 CA1.10.2 Recoñecéronse e especificáronse os patróns de normalidade celular presentes, así coma os distintos tipos celulares observabeis
0 CA1.10.3 Recoñecéronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con factores infecciosos, inflamatorios e/ou dexenerativos
0 CA1.10.4 Identificáronse os microorganismos presentes relacionándoos coas alteracións celulares que causan
0 CA1.10.5 Recoñecéronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con procesos tumorais benignos ou malignos
0 CA1.10.6 Marcáronse as características suxerentes de patoloxía presentes
0 CA1.10.7 Relacionáronse os rasgos observados cos datos clínicos aportados e co tipo de mostra
0 CA1.10.8 Emitiuse un informe de resultados empregando a terminoloxía correspondente e seguindo a orde axeitada na súa redacción
OCA2.10 Realizouse o estudo sistemático dunha imaxe convintemente caracterizada dunha citoloxía de ganglios linfáticos, bazo, timo, pel, tecidos brandos e óso
0 CA2.10.1 Marcáronse os artefactos que puideran dificultar ou condicionar o diagnóstico, e verificouse a adecuación da mostra para o seu estudo
0 CA2.10.2 Recoñecéronse e especificáronse os patróns de normalidade celular presentes, así coma os distintos tipos celulares observabeis
0 CA2.10.3 Recoñecéronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con factores infecciosos, inflamatorios e/ou dexenerativos
0 CA2.10.4 Identificáronse os microorganismos presentes relacionándoos coas alteracións celulares que causan
0 CA2.10.5 Recoñecéronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con procesos tumorais benignos ou malignos

Criterios de avaliación
0 CA2.10.6 Marcáronse as características suxerentes de patoloxía presentes
0 CA2.10.7 Relacionáronse os rasgos observados cos datos clínicos aportados e co tipo de mostra
0 CA2.10.8 Emitiuse un informe de resultados empregando a terminoloxía correspondente e seguindo a orde axeitada na súa redacción
CA3.9 Realizouse o estudo sistemático dunha imaxe convintemente caracterizada dunha citoloxía de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA3.9.1 Marcáronse os artefactos que puideran dificultar ou condicionar o diagnóstico, e verificouse a adecuación da mostra para o seu estudo
CA3.9.2 Recoñécóronse e especificáronse os patróns de normalidade celular presentes, así coma os distintos tipos celulares observabeis
CA3.9.3 Recoñécóronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con factores infecciosos, inflamatorios e/ou dexenerativos
CA3.9.4 Identificáronse os microorganismos presentes relacionándoos coas alteracións celulares que causan
CA3.9.5 Recoñécóronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con procesos tumorais benignos ou malignos
CA3.9.6 Marcáronse as características suxerentes de patoloxía presentes
CA3.9.7 Relacionáronse os rasgos observados cos datos clínicos aportados e co tipo de mostra
CA3.9.8 Emitiuse un informe de resultados empregando a terminoloxía correspondente e seguindo a orde axeitada na súa redacción
0CA4.10 Realizouse o estudo sistemático dunha imaxe convintemente caracterizada dunha citoloxía de aparello dixestivo
0 CA4.10.1 Marcáronse os artefactos que puideran dificultar ou condicionar o diagnóstico, e verificouse a adecuación da mostra para o seu estudo
0 CA4.10.2 Recoñécóronse e especificáronse os patróns de normalidade celular presentes, así coma os distintos tipos celulares observabeis
0 CA4.10.3 Recoñécóronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con factores infecciosos, inflamatorios e/ou dexenerativos
0 CA4.10.4 Identificáronse os microorganismos presentes relacionándoos coas alteracións celulares que causan
0 CA4.10.5 Recoñécóronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con procesos tumorais benignos ou malignos
0 CA4.10.6 Marcáronse as características suxerentes de patoloxía presentes
0 CA4.10.7 Relacionáronse os rasgos observados cos datos clínicos aportados e co tipo de mostra
0 CA4.10.8 Emitiuse un informe de resultados empregando a terminoloxía correspondente e seguindo a orde axeitada na súa redacción
0CA5.10 Realizouse o estudo sistemático dunha imaxe convintemente caracterizada dunha citoloxía de aparello urinario
0 CA5.10.1 Marcáronse os artefactos que puideran dificultar ou condicionar o diagnóstico, e verificouse a adecuación da mostra para o seu estudo
0 CA5.10.2 Recoñécóronse e especificáronse os patróns de normalidade celular presentes, así coma os distintos tipos celulares observabeis
0 CA5.10.3 Recoñécóronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con factores infecciosos, inflamatorios e/ou dexenerativos
0 CA5.10.4 Identificáronse os microorganismos presentes relacionándoos coas alteracións celulares que causan
0 CA5.10.5 Recoñécóronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con procesos tumorais benignos ou malignos

Criterios de avaliación
0 CA5.10.6 Marcáronse as características suxerentes de patoloxía presentes
0 CA5.10.7 Relacionáronse os rasgos observados cos datos clínicos aportados e co tipo de mostra
0 CA5.10.8 Emitiuse un informe de resultados empregando a terminoloxía correspondente e seguindo a orde axeitada na súa redacción
0CA6.10 Realizouse o estudo sistemático dunha imaxe convintemente caracterizada dunha citoloxía de líquidos orgánicos, sistema nervioso e globo ocular
0 CA6.10.1 Marcáronse os artefactos que puideran dificultar ou condicionar o diagnóstico, e verificouse a adecuación da mostra para o seu estudo
0 CA6.10.2 Recoñecéronse e especificáronse os patróns de normalidade celular presentes, así coma os distintos tipos celulares observabeis
0 CA6.10.3 Recoñecéronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con factores infecciosos, inflamatorios e/ou dexenerativos
0 CA6.10.4 Identificáronse os microorganismos presentes relacionándoos coas alteracións celulares que causan
0 CA6.10.5 Recoñecéronse e especificáronse os rasgos de citopatoloxía presentes relacionados con procesos tumorais benignos ou malignos
0 CA6.10.6 Marcáronse as características suxerentes de patoloxía presentes
0 CA6.10.7 Relacionáronse os rasgos observados cos datos clínicos aportados e co tipo de mostra
0 CA6.10.8 Emitiuse un informe de resultados empregando a terminoloxía correspondente e seguindo a orde axeitada na súa redacción

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Patróns de normalidade en citoloxía de aparello respiratorio.</p> <p>Inflamación crónica granulomatosa, alteracións por axentes quimioterápicos e radiación.</p> <p>Doenzas benignas e malignas.</p> <p>Ganglios linfáticos e do timo: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citopatoloxía benigna e maligna.</p> <p>Pel, tecidos brandos e óso: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citoloxía tumoral da pel, dos tecidos brandos e do óso.</p> <p>Tiroide e paratiroide: histoloxía da tiroide e da paratiroide; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citopatoloxía non tumoral e tumoral.</p> <p>Próstata e testículo: citopatoloxía tumoral de próstata e testículo; histoloxía da próstata e do testículo; métodos de exploración e obtención de mostras; citopatoloxía tumoral.</p> <p>Patróns de normalidade en citoloxía da cavidade oral e das glándulas salivares: citopatoloxía tumoral.</p> <p>Patróns de normalidade en citoloxía de esófago e estómago: citopatoloxía tumoral.</p> <p>Patróns de normalidade en citoloxía de intestino: citopatoloxía tumoral.</p> <p>Patróns de normalidade en citoloxía de fígado e vías biliares: citopatoloxía.</p> <p>Patróns de normalidade en citoloxía de páncreas: citopatoloxía tumoral.</p> <p>Ril: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía de ril; citopatoloxía non tumoral e tumoral.</p> <p>Vías urinarias: histoloxía; patróns de normalidade en citoloxía de vías urinarias; citopatoloxía non tumoral (infeccións e inflamacións) e citopatoloxía tumoral (benigna e maligna).</p> <p>Glándula suprarrenal: histoloxía; patróns de normalidade en citoloxía de glándula suprarrenal; citopatoloxía non tumoral (infeccións e inflamacións) e tumoral.</p>

Contidos

Líquido ascítico. Características do líquido do derramo tumoral e non tumoral. Histoloxía.

Líquido pleural. Lavado de cavidades. Patróns de normalidade en citoloxía de líquido pleural. Citopatoloxía tumoral e non tumoral.

Líquido cefalorraquídeo. Patróns de normalidade e citopatoloxía de líquido cefalorraquídeo.

Líquido pericárdico. Patróns de normalidade e citopatoloxía de líquido pericárdico.

Líquido sinovial. Patróns de normalidade e citopatoloxía dos derramos sinoviais.

Líquido amniótico.

Sistema nervioso central e globo ocular. Patróns de normalidade e citopatoloxía de SNC e globo ocular.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Criterios xerais de malignidade en citoloxía	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes do aparello respiratorio, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA2 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de ganglios linfáticos, bazo, timo, pel, tecidos brandos e óso, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA3 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de tiroide, paratiroide, próstata e testículo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA4 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de aparello dixestivo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA5 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de aparello urinario, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA6 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de líquidos orgánicos, sistema nervioso e globo ocular, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Identifícaronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA2.8 Identifícaronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA3.7 Identifícaronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA4.8 Identifícaronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA5.8 Identifícaronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA6.8 Identifícaronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral

4.2.e) Contidos

Contidos
Doenzas benignas e malignas.
Ganglios linfáticos e do timo: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citopatoloxía benigna e maligna.
Pel, tecidos brandos e óso: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citoloxía tumoral da pel, dos tecidos brandos e do óso.
Tiroide e paratiroide: histoloxía da tiroide e da paratiroide; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citopatoloxía non tumoral e tumoral.
Próstata e testículo: citopatoloxía tumoral de próstata e testículo; histoloxía da próstata e do testículo; métodos de exploración e obtención de mostras; citopatoloxía tumoral.
Patróns de normalidade en citoloxía da cavidade oral e das glándulas salivares: citopatoloxía tumoral.
Patróns de normalidade en citoloxía de esófago e estómago: citopatoloxía tumoral.
Patróns de normalidade en citoloxía de intestino: citopatoloxía tumoral.
Patróns de normalidade en citoloxía de fígado e vías biliares: citopatoloxía.
Patróns de normalidade en citoloxía de páncreas: citopatoloxía tumoral.

Contidos

Ril: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía de ril; citopatoloxía non tumoral e tumoral.

Vías urinarias: histoloxía; patróns de normalidade en citoloxía de vías urinarias; citopatoloxía non tumoral (infeccións e inflamacións) e citopatoloxía tumoral (benigna e maligna).

Glándula suprarrenal: histoloxía; patróns de normalidade en citoloxía de glándula suprarrenal; citopatoloxía non tumoral (infeccións e inflamacións) e tumoral.

Líquido ascítico. Características do líquido do derramo tumoral e non tumoral. Histoloxía.

Líquido pleural. Lavado de cavidades. Patróns de normalidade en citoloxía de líquido pleural. Citopatoloxía tumoral e non tumoral.

Líquido cefalorraquídeo. Patróns de normalidade e citopatoloxía de líquido cefalorraquídeo.

Líquido pericárdico. Patróns de normalidade e citopatoloxía de líquido pericárdico.

Líquido sinovial. Patróns de normalidade e citopatoloxía dos derramos sinoviais.

Líquido amniótico.

Sistema nervioso central e globo ocular. Patróns de normalidade e citopatoloxía de SNC e globo ocular.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Citloxía e citopatoloxía do tubo dixestivo	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de aparello dixestivo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares do aparello dixestivo
CA4.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes de cada órgano, viscera ou aparello
CA4.3 Tipificáronse os tipos de mostras do aparello dixestivo
CA4.4 Definíronse as características dun patrón de normalidade para as preparacións obtidas do aparello dixestivo
CA4.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico característico de cada patoloxía infecciosa, inflamatoria ou dexenerativa
CA4.6 Identifícanse os microorganismos polas súas características morfolóxicas, de tinguidura específicas e polo efecto citopático dos virus
CA4.7 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA4.8 Identifícanse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA4.9 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
CA4.11 Emitiuse informe co diagnóstico compatible e diferencial xustificado de mostras citolóxicas de aparello dixestivo

4.3.e) Contidos

Contidos
Histoloxía do aparello dixestivo.
Métodos de exploración e obtención de mostras.
Patróns de normalidade en citoloxía da cavidade oral e das glándulas salivares: citopatoloxía tumoral.
Patróns de normalidade en citoloxía de esófago e estómago: citopatoloxía tumoral.
Patróns de normalidade en citoloxía de intestino: citopatoloxía tumoral.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Citloxía e citopatoloxía das glándulas dixestivas anexas	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de aparello dixestivo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares do aparello dixestivo
CA4.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes de cada órgano, viscera ou aparello
CA4.3 Tipificáronse os tipos de mostras do aparello dixestivo
CA4.4 Definíronse as características dun patrón de normalidade para as preparacións obtidas do aparello dixestivo
CA4.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico característico de cada patoloxía infecciosa, inflamatoria ou dexenerativa
CA4.6 Identificáronse os microorganismos polas súas características morfolóxicas, de tinguidura específicas e polo efecto citopático dos virus
CA4.7 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA4.8 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA4.9 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
CA4.11 Emitiuse informe co diagnóstico compatible e diferencial xustificado de mostras citolóxicas de aparello dixestivo

4.4.e) Contidos

Contidos
Histoloxía do aparello dixestivo.
Métodos de exploración e obtención de mostras.
Patróns de normalidade en citoloxía da cavidade oral e das glándulas salivares: citopatoloxía tumoral.
Patróns de normalidade en citoloxía de fígado e vías biliares: citopatoloxía.
Patróns de normalidade en citoloxía de páncreas: citopatoloxía tumoral.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Citloxía e citopatoloxía de tiroide	14

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de tiroide, paratiroide, próstata e testículo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA3.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes de cada órgano ou víscera
CA3.3 Tipificáronse os tipos de mostras de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA3.4 Definíronse as características dun patrón de normalidade para as preparacións obtidas de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA3.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico característico de cada patoloxía infecciosa, inflamatoria ou dexenerativa
CA3.6 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA3.7 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA3.8 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
0CA3.10 Emitiuse informe co diagnóstico compatible e diferencial xustificado de mostras citolóxicas de tiroide, paratiroide, próstata e testículo

4.5.e) Contidos

Contidos
Tiroide e paratiroide: histoloxía da tiroide e da paratiroide; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citopatoloxía non tumoral e tumoral.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Citloxía normal do aparello xenitourinario	7

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de tiroide, paratiroide, próstata e testículo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA5 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de aparello urinario, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA3.3 Tipificáronse os tipos de mostras de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA3.4 Definíronse as características dun patrón de normalidade para as preparacións obtidas de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA3.6 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA3.8 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
CA5.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares do aparello urinario
CA5.3 Tipificáronse os tipos de mostras do aparello urinario
CA5.4 Definíronse as características dun patrón de normalidade para as preparacións obtidas do aparello urinario
CA5.7 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA5.9 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente

4.6.e) Contidos

Contidos
Próstata e testículo: citopatoloxía tumoral de próstata e testículo; histoloxía da próstata e do testículo; métodos de exploración e obtención de mostras; citopatoloxía tumoral.
Ril: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía de ril; citopatoloxía non tumoral e tumoral.
Vías urinarias: histoloxía; patróns de normalidade en citoloxía de vías urinarias; citopatoloxía non tumoral (infeccións e inflamacións) e citopatoloxía tumoral (benigna e maligna).
Glándula suprarrenal: histoloxía; patróns de normalidade en citoloxía de glándula suprarrenal; citopatoloxía non tumoral (infeccións e inflamacións) e tumoral.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Citopatoloxía do aparello xenitourinario	13

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de tiroide, paratiroide, próstata e testículo, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO
RA5 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de aparello urinario, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes de cada órgano ou víscera
CA3.3 Tipificáronse os tipos de mostras de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA3.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico característico de cada patoloxía infecciosa, inflamatoria ou dexenerativa
CA3.6 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA3.7 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA3.8 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
0CA3.10 Emitiuse informe co diagnóstico compatible e diferencial xustificado de mostras citolóxicas de tiroide, paratiroide, próstata e testículo
CA5.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes de cada órgano, víscera ou aparello
CA5.3 Tipificáronse os tipos de mostras do aparello urinario
CA5.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico característico de cada patoloxía infecciosa, inflamatoria ou dexenerativa
CA5.6 Identificáronse os microorganismos polas súas características morfolóxicas, de tinguidura específicas e polo efecto citopático dos virus
CA5.7 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA5.8 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA5.9 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
CA5.11 Emitiuse informe co diagnóstico compatible e diferencial xustificado de mostras citolóxicas de aparello urinario

4.7.e) Contidos

Contidos
Próstata e testículo: citopatoloxía tumoral de próstata e testículo; histoloxía da próstata e do testículo; métodos de exploración e obtención de mostras; citopatoloxía tumoral.
Ril: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía de ril; citopatoloxía non tumoral e tumoral.
Vías urinarias: histoloxía; patróns de normalidade en citoloxía de vías urinarias; citopatoloxía non tumoral (infeccións e inflamacións) e citopatoloxía tumoral (benigna e maligna).



Contidos

Glándula suprarrenal: histoloxía; patróns de normalidade en citoloxía de glándula suprarrenal; citopatoloxía non tumoral (infeccións e inflamacións) e tumoral.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Citloxía e citopatoloxía de ganglio linfático	6

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de ganglios linfáticos, bazo, timo, pel, tecidos brandos e óso, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares de ganglios linfáticos, bazo, timo, pel, tecidos brandos e óso
CA2.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes de cada órgano ou víscera
CA2.3 Tipificáronse os tipos de mostras de ganglios linfáticos, bazo, timo, pel, tecidos brandos e óso
CA2.4 Definíronse as características dun patrón de normalidade para as preparacións obtidas de ganglios linfáticos, bazo, timo, pel, tecidos brandos e óso
CA2.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico característico de cada patoloxía infecciosa, inflamatoria ou dexenerativa
CA2.6 Identificáronse os microorganismos polas súas características morfolóxicas, de tinguidura específicas e polo efecto citopático dos virus
CA2.7 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA2.8 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA2.9 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
CA2.11 Emitiuse informe co diagnóstico compatible e diferencial xustificado de mostras citolóxicas de ganglios linfáticos, bazo, timo, pel, tecidos brandos e óso

4.8.e) Contidos

Contidos
Ganglios linfáticos e do timo: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citopatoloxía benigna e maligna.
Pel, tecidos brandos e óso: histoloxía; métodos de exploración e obtención de mostras; patróns de normalidade en citoloxía; citoloxía tumoral da pel, dos tecidos brandos e do óso.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Citloxía e citopatoloxía do aparello respiratorio	24

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes do aparello respiratorio, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares do aparello respiratorio
CA1.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes de cada órgano ou víscera
CA1.3 Tipificáronse os tipos de mostras do aparello respiratorio
CA1.4 Definíronse as características dun patrón de normalidade para as preparacións obtidas do aparello respiratorio
CA1.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico característico de cada patoloxía infecciosa, inflamatoria ou dexenerativa
CA1.6 Identificáronse os microorganismos polas súas características morfolóxicas, de tinguidura específicas e polo efecto citopático dos virus
CA1.7 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA1.8 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA1.9 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
CA1.11 Emitiuse informe co diagnóstico compatible e diferencial xustificado de mostras citolóxicas de aparello respiratorio

4.9.e) Contidos

Contidos
Histoloxía de aparello respiratorio.
Métodos de exploración e obtención de mostras: esputo, cepillado bronquial, lavado bronquial, aspiración bronquial (BAS), lavado bronquioloalveolar (LBA) e punción-aspiración con agulla fina (PAAF).
Patróns de normalidade en citoloxía de aparello respiratorio.
Inflamación crónica granulomatosa, alteracións por axentes quimioterápicos e radiación.
Doenzas benignas e malignas.
Inmunocitoquímica no cancro de pulmón.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Citloxía e citopatoloxía dos líquidos orgánicos	8

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes de líquidos orgánicos, sistema nervioso e globo ocular, en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares de líquidos orgánicos, sistema nervioso e globo ocular
CA6.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes de cada órgano, viscera ou aparello
CA6.3 Tipificáronse os tipos de mostras de líquidos orgánicos, sistema nervioso e globo ocular
CA6.4 Definíronse as características dun patrón de normalidade para as preparacións obtidas de líquidos orgánicos, sistema nervioso e globo ocular
CA6.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico característico de cada patoloxía infecciosa, inflamatoria ou dexenerativa
CA6.6 Identificáronse os microorganismos polas súas características morfolóxicas, de tinguidura específicas e polo efecto citopático dos virus
CA6.7 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA6.8 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade para cada tipo tumoral
CA6.9 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente
CA6.11 Emitiuse informe co diagnóstico compatible e diferencial xustificado de mostras citolóxicas de líquidos orgánicos, sistema nervioso e globo ocular

4.10.e) Contidos

Contidos
Derramos en cavidades: métodos de exploración.
Líquido ascítico. Características do líquido do derramo tumoral e non tumoral. Histoloxía.
Líquido pleural. Lavado de cavidades. Patróns de normalidade en citoloxía de líquido pleural. Citopatoloxía tumoral e non tumoral.
Líquido cefalorraquídeo. Patróns de normalidade e citopatoloxía de líquido cefalorraquídeo.
Líquido pericárdico. Patróns de normalidade e citopatoloxía de líquido pericárdico.
Líquido sinovial. Patróns de normalidade e citopatoloxía dos derramos sinoviais.
Líquido amniótico.
Sistema nervioso central e globo ocular. Patróns de normalidade e citopatoloxía de SNC e globo ocular.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será continua durante todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

MINIMOS EXIXIBLES: Serán todos os criterios de avaliación indicados como mínimo esixible para cada Unidade Didáctica citados con anterioridade (Apartado 4c)

INSTRUMENTOS DE AVALIACION:

En cada avaliación a cualificación calcularase da seguinte maneira:

1. Proba/s escrita/s: 80%.

No caso de facer varios exames por avaliación é necesario un mínimo de 5 sobre 10 en cada un deles. O exame poderá incluír preguntas curtas e/ou tipo test e/ou imaxes para identificar. No caso do tipo test as respostas mal contestadas contan negativo. No caso de que o exame conste de dúas partes poderá ser unha primeira parte tipo test e unha segunda parte de preguntas curtas e/ou interpretación de imaxes sendo necesario aprobar cada parte por separado para facer o cómputo final.

2. Actividades de aula (exercicios, traballos individuais, fichas, actividades prácticas, simulacións...): 20 %

Cando nalgunha avaliación non se realicen esas actividades, os puntos acumularanse á puntuación do exame escrito. A puntuación final obtida nesta apartado so se sumará se se ten aprobada/s a/s proba/s escrita/s.

Para proceder ao cálculo da nota final de módulo multiplicarase a nota de cada unidade didáctica polo peso establecido para cada unidade no apartado 3.a. da programación. A cualificación final será un número enteiro. Se o decimal que acompaña á cualificación é inferior a 0.5, o número enteiro resultante será o inmediatamente inferior. Se o decimal que acompaña á cualificación da unidade é igual ou superior a 0.5 o número enteiro resultante será o inmediatamente superior.

O alumno que supere o 10% de faltas NON XUSTIFICADAS das horas totais do módulo perderá o dereito a avaliación continua, tendo que realizar unha proba final extraordinaria sobre os contidos mínimos do módulo.

OBSERVACIONES:

- 1.- Os exames, ensinaranse ao alumnado que o solicite corrixidos e cualificados, e quedarán arquivados en poder do profesor/a. Do mesmo xeito os traballos e actividades quedarán arquivados en poder do profesor cando éste o considere
- 2.- Segundo o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar Non está permitido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos, salvo en casos excepcionais co consentimento previo do profesor.
- 3.- Os alumnos que por superar o número de faltas permitido acade Perda de Dereito a Avaliación Continua pode seguir asistindo a clase igual que o resto do alumnado sempre que o desexe. O profesor valorará se o/a alumno/a pode asistir ou non a determinadas prácticas.
- 4.- En caso de non poder asistir ó centro debido a situación sanitaria adversa seguirase o desenvolvemento da programación vía telemática (aula virtual, correo electrónico, videotutoriais...) efectuando as modificacións que considere oportunas o equipo docente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

-As actividades de recuperación levaranse a cabo en Xuño

-O alumnado que non supere o módulo nos plans de avaliación correspondentes, deberá realizar unha serie de actividades referentes á materia pendente como son repaso dos contidos, explicacións individuais, recursos didácticos alternativos, etc....

-A avaliación deste alumnado farase por medio dunha proba escrita final extraordinaria previa a avaliación final do módulo . A proba escrita constará de preguntas teóricas (test e/ou preguntas curtas) e/ou preguntas dirixidas á interpretación de imaxes. As preguntas tipo test restan. Valoraranse de 0 á 10 puntos. O alumnado deberá acadar unha puntuación mínima de 5 para superar o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

En base ao establecido na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial para este módulo:

- A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo.

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua no módulo será do 10 % respecto da súa duración total; é dicir, 16 sesións para Citoloxía xeral. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesor valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido na normativa que rixe no centro.

- O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua no módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente.

- A cualificación deste módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Considéranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

MINIMOS EXIXIBLES:

Serán todos os criterios de avaliación indicados como mínimo exixible para cada Unidade Didáctica, citados con anterioridade (Apartado 4c). As probas escritas versarán sobre os mínimos exixibles da programación.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación deste alumnado farase por medio dunha proba escrita previa á avaliación final do módulo. A proba escrita terá características similares ás realizadas nas avaliacións parciais, podendo incluír preguntas tipo test, preguntas curtas, preguntas dirixidas á interpretación/identificación de imaxes, entre outras.

No caso do tipo test as respostas mal contestadas contan negativo; esta puntuación especificarase para cada proba.

A proba valorarase de 0 a 10 puntos. O alumnado deberá acadar unha puntuación mínima de 5 para superar dita proba.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O alumnado será cualificado atendendo aos criterios e instrumentos anteriormente sinalados cunha nota numérica de 1 a 10, sen decimais, aplicando redondeo en caso de acadar nota con decimais.

Considérase aprobada ou superada a materia se acadar os mínimos e obtén unha cualificación de 5 ou superior.

FALTA DE ASISTENCIA Á PROBA ESCRITA:

Se o alumnado non puidera asistir á proba escrita na data sinalada para facelo, suspenderá o módulo, salvo xustificación establecida na lexislación vixente para a inasistencia a probas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

Grao de cumprimento da temporalización

Logro dos obxectivos programados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través dun ou varios cuestionarios que cumprimentará o alumnado e nos que se solicitará valoración sobre a práctica docente, a metodoloxía e outros aspectos de relevancia na impartición do módulo.

O seguimento da programación será documentada mensualmente por cada docente no modelo Seguimento da Programación (MD.75.PRO.03), na memoria final do módulo e na avaliación final da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

CUESTIONARIO INICIAL DO MÓDULO:

- Elaboración polo alumnado dun cuestionario facilitado polo departamento de orientación. Esta proba realizarase nos primeiros días de comezo do curso escolar, non sendo valorable senón tan só orientativa do nivel do alumnado. O obxectivo é determinar se existe algún caso que esixa medidas de apoio ou necesidades específicas.

VALORACIÓN DOS COÑECEMENTOS PREVIOS A CADA UNIDADE DIDÁCTICA:

- Realización de cuestionarios test e/ou preguntas de contestación curta (orales ou escritas) para constatar os coñecementos previos do alumnado e poder avaliar posteriormente a súa progresión.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo seguintes serán individualizadas segundo as características do alumnado:

- Realización polo discente de esquemas sobre os apuntes da clase.
- Repaso dos contidos e resolución de dúbidas de forma individual.
- Traballo con supostos hipotéticos co/a profesor/a.
- Revisión coa docente de actividades realizadas polo alumnado de forma voluntaria.
- Realización de actividades con outro alumnado en grupos constituídos pola docente, que poidan ser positivos para o reforzo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Pola especial relevancia e a súa relación con este módulo, destacaremos os seguintes aspectos:

- O respecto a outras persoas (ben sexan compañeiros, persoal docente ou outro persoal do centro).
- O respecto ao material do centro, mobiliario, material de laboratorio, etc.
- A necesidade de manter o segredo profesional.
- As novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- A prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo.
- Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, as transformacións que realizamos (fumes, gases), e refugallos que xeramos, inciden directamente na calidade do medio ambiente. O uso de enerxías renovables, a reciclaxe e a sustentabilidade.
- Educación para a saúde.

Todas estas cuestións serán traballadas ao longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Valorarase a asistencia dos alumnos deste módulo a actividades complementarias que teñan relación cos contidos da Familia Profesional, e en concreto co ciclo e co módulo formativo que están cursando.

Concretamente consideraranse actividades tales como:

- Asistencia a xornadas ou congresos.
- Charlas impartidas no Centro Educativo por profesionais acreditados do sector sanitario
- Visitas a eventos do sector
- Visitas a institutos ou centros

10. Outros apartados

10.1) Entrega de tarefas

A aula virtual será o medio de entrega principal das tarefas atendendo aos tempos establecidos polo docente. Entregas fora de prazo non serán admitidas. Responsabilidade do alumnado estar atento a aula virtual do módulo. En caso de detectarse plaxio a cualificación será de cero no apartado de actividades.

10.2) Material facilitado polo profesor

Queda terminantemente prohibido sacar fotos do material empregado polo profesor (apuntamentos, exames, tarefas...) así coma a súa publicación en distintos medios. (Salvo autorización expresa do docente)

10.3) Actividades Programadas

Calquera actividade programada (charlas, saídas, visitas...) que coincida en horario de impartición do módulo terá carácter obrigatorio e poderá ser avaliable.